

Queridos mamá e papá:

Os nenos e nenas somos como as froitas das árbores, unhas maduran antes que as outras, pero podemos ter en conta algúns aspectos para axudar a madurar a miña linguaxe:

- Sei que ás veces teño un falar gracioso, mais vós debedes falarme ben. Se usades palabras e frases completas, acabarei por aprendelas.
- A min non me pidades que repita moito o que digo mal, pero repetídeo vós ben. Repetir é fundamental. Se me repetides as mesmas palabras cando facemos unha actividade, axudádesme a comprendelas e despois a aprendelas. Xa sabedes que primeiro vén a experiencia, despois a comprensión e, por último, a linguaxe.
- Se tardo un pouco cando me preguntan, non contestedes por min. Agardade con paciencia e bo ánimo.
- Se aínda me gusta o chupete, ídemo quitando. Defórmame o padal e os dentes.
- Non debedes falarme berrando. Aínda que esteades algo enfadados, é mellor que me expliquedes que é o que fixen mal. Aprendereino e non berrarei eu tamén.
- Cando faledes entre vós, metédeme na conversa e ensinádeme a respectar a quenda.
- Deixade que diga as cousas ata o final. Se vos anticipades, eu non aprendo e son quen de facelo. Cando teña falado, podedes repetir ben o que dixen e ampliar o meu enunciado (se digo: coche, vós podedes dicir: si, un coche vermello, como o de María...).
- Sempre que poidades, adicádeme un tempo só para min. Cando me ledes un conto, compartimos un momento moi importante. O conto estimula a miña imaxinación. Axudádeme a comprender e a aprender vocabulario. Pero non mo leades como quen le un cartel. Se hai un lobo, tedes que poner cara e voz de lobo e facer sons que me indiquen a

situación. Isto é imprescindible para remover as miñas emocións e enriquecer a miña expresión.

- Na biblioteca hai moitos contos e outros libros. Primeiro pódemo contar ti a min e, despois, eu a ti. Se non nos gustou, podemos cambiarlle o principio, o nó, o final, ou cambialo todo.
  - É moi importante que non me ensines as ilustracións ata o final, para que eu escoite todas as palabras e poida imaxinar. Cando remates, miramos as imaxes e comentámolas.
  - Non é bo que me deixedes ver a televisión, a tablet ou o móbil moito tempo porque son dispositivos só de entrada, eu non falo con eles. É mellor que escollamos o que vou ver e o comentemos despois.
  - A miña alimentación ten que ir cambiando e facéndose sólida. É preciso mastigar para fortalecer a musculatura que me serve para falar e expresarme.
  - Por certo, observa se respiro polo nariz. Se non, consúltao ao/á pediatra. Facer pompas, relamberme, poñer caras e xogar ca lingua diante do espello, cando limpo os dentes, tamén resulta moi positivo.
  - Axúdame a reparar no nome de todo o que vemos e oímos, para que me faga máis observador/a.
  - Debes deixarme facer todo, o que podoo ser quen de facer, só/a. Se me axudas cando non o preciso, estaslles dicindo aos demais que son un bebé, porque van pensar que non sei.
  - Vós podedes pedirme axuda para todo. Podo axudar na casa, no súper...
  - Xa sei que me queredes moitísimo e gústame moito que mo digades.
- As miñas mestras e mestres pensan que, se temos todo isto en conta á diario, maduraremos todos/as estupendamente. Coma as froitas.

Eu tamén vos quero a vós.